

PASAR



Irmás Cartoné, 2017
Título orixinal: *Passing*
Tradución: Carlos Valdés
Ilustración de cuberta: Carlos Valdés
Deseño e maquetación: Irmás Cartoné
Impresión: Estugraf

ISBN: 978-84-945411-7-9

Dep. Legal: C 2198-2017



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a autoría da mesma mediante a mención expresa da autora, o tradutor e a editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada, coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza que a orixinal.

NELLA LARSEN

Pasar

Traducción de Carlos Valdés García



*Para Carl Van Vechten
e Fania Marinoff*

*Arredado hai tres centurias
da amada escena dos pais,
da pementa, da canela,
para min, que África queda?*

—Countee Cullen—

Primeira parte

— ENCONTRO —

I

Era a última carta da pequena rima de correspondencia matinal de Irene Redfield. Tras das outras cartas correntes e escritas con claridade, o longo sobre de fino papel italiano cos seus garabatos case ilexibles semellaba estraño e fóra de lugar. E tiña, ademais, algo de misterioso e lixeiramente furtivo. Unha cousa fina e arteira sen ningún enderezo que revelase quen o remitía. Non é que ela non soubese de inmediato quen era. Había uns dous anos que recibira unha moi parecida na súa aparencia externa. Furtiva, mais, dun xeito peculiar e decidido, un pouco ostentosa. Tinta violeta. Papel estranxeiro dun tamaño fóra do común.

Irene decatouse de que fora cuñada en Nova York o día anterior. Xuntou as cellas nunha diminuta engurra. A engurra, porén, era máis de perplexidade que de anoxo, se ben nos seus pensamentos había un bocado de ambos. Era de todo incapaz de comprender unha actitude cara ao perigo como a que estaba segura de que revelaría o contido da carta, e desagradáballe a idea de abril e lela.

Isto, cavilou, era propio de todo o que sabía de Clare Kendry. Sempre bordeando o perigo. Sempre vixiante, mais sen recuar nin afastarse. Desde logo, non por mor da alarma ou da indignación doutros.

E por un intre Irene Redfield creu ver unha nena miúda e pálida sentada nun esfarrapado sofá azul, cosendo retallos dun rechamante tecido vermello mentres o borracho de seu pai, un home alto e de complexión forte, percorría ameazadoramente a desleixada habitación, berrando maldicións e facendo espasmódicas arremetidas contra ela que, non por ser na súa maior parte ineficaces, resultaban menos aterrecedoras. Ás veces lograba alcanzala. Mais só o feito de que a cativa se aconchegase co seu pobre labor cara ao currunchito máis afastado do sofá suxería que esta ameaza supoñía a menor perturbación para ela e para o seu traballo.

Clare sabía ben dabondo que non era prudente tomar unha parte do dólar que era a súa remuneración semanal por facer as moitas encargas para a modista que vivía no último andar do edificio no que Bob Kendry era porteiro. Mais sabelo non a detivera. Quería asistir á merenda da súa escola dominical e decidira levar un vestido novo. Así que, malia o despracer e o posible perigo, xa collera os cartos para mercar o xénero para aquel patético vestidiño vermello.

Non existía, nin sequera naqueles días, ningún sacrificio na idea que Clare Kendry tiña da vida, ningunha idea de obediencia máis aló do seu propio desexo inmediato. Era egoísta, fría e dura. E, con todo, tiña tamén unha estraña capacidade para unha calidez e unha paixón transformadoras, que por veces abeiraban en teatrais heroicidades.

Irene, que lle levaba un ano ou máis a Clare, lembraba o día que levaran a Bob Kendry para a casa morto, asasinado nunha absurda liorta tabernaria. Clare, que daquela tiña escasamente quince anos, ficara en pé cos labios apertados, os fracos braciños cruzados sobre o peito delgado fitando o familiar rostro descolorido de seu pai cunha especie de desprezo nos ollos negros entornados. Por un anaco moi longo permanecera dese xeito,

en silencio, fitándoo. Entón, bastante de súpeto, cedeu a un torrente de saloucos, abaneando o seu corpo fraco, turrando do brillante cabelo e patexando cos peños. A explosión cesou tan axiña como comezara. Botou unha ollada rápida polo cuarto espido, abranguendo a todos os presentes, incluso os dous policías, nunha aguda mirada de escintilante desdén. E, no instante seguinte, deu media volta e desapareceu pola porta.

Vista a través da longa distancia dos anos, a cousa tiña máis o aspecto dun derramamento de furia reprimida que dun desbordamento de mágoa polo seu pai morto; aínda que estivera, admitía Irene, apegada dabondo a el á súa maneira felina.

Felina. Sen dúbida esa era a palabra que mellor describía a Clare Kendry, se é que unha soa palabra podía describila. Por veces era dura e semellaba non ter sentimento ningún; por veces era afectuosa e atrapalladamente impulsiva. E había nela unha sorprendente malicia tenue, ben agochada até que a provocaban. Entón era capaz de rabuñar, e dun xeito moi eficaz. Ou, levada á carraxe, pelexaba cunha ferocidade e un ímpeto que ignoraba ou esquecía todo perigo, superioridade en forza e número, ou calquera outra circunstancia desfavorable. Que salvaxemente gaduñara naqueles rapaces o día que se mofaran de seu pai e lle cantaran unha moca, composta por eles mesmos, que salientaba certas excentricidades do seu vacilante camiñar! E canta intención puxera...

Irene devolveu os seus pensamentos ao presente, á carta de Clare Kendry que aínda suxeitaba, sen abrir, na man. Con certa aprehensión, abriu o sobre moi paseniño, sacou as follas encartadas, desencartounas e comezou a ler.

Era, polo que viu deseguida, o que esperara desde que soubera polo cuño que Clare estaba na cidade. O desexo enunciado con extravagancia de volver vela. Ben, non tiña necesidade de


aceptar nin o faría, díxose Irene. Tampouco axudaría a Clare a cumprir o seu estúpido desexo de regresar por un momento a aquela vida que, había moito tempo e pola súa propia escolla, deixara atrás.

Botou unha ollada á carta, descifrando o mellor que puido as palabras formadas sen coidado ou tratando de adiviñalas instintivamente.

«... Pois estou soa, tan soa... que non deixo de arelar estar contigo de novo, como nunca arelei cousa ningunha; e quixen moitas cousas na vida... Non sabes como, nesta esbrancuxada vida miña, paso o tempo todo mirando as imaxes brillantes daquela outra da que unha vez pensei que me alegraría liberarme... É como unha mágoa, unha dor que nunca cesa...» Unha fina folla tras outra daquilo. E remataba ao fin cun: «'Rene, querida. Polo menos en parte. Porque talvez agora non tería este terrible, salvaxe desexo se non te vise aquela vez en Chicago...»

Relucentes manchas vermellas acenderon as cálidas meixelas cor oliva de Irene Redfield.

«Aquela vez en Chicago.» As palabras destacaban entre os moitos parágrafos doutras palabras, traendo con elas unha lembranza clara, nítida na que incluso agora, dous anos despois, se mesturaban humillación, resentimento e furia.



ESTE LIBRO ENTROU NO PRELO
O 15 DE DECEMBRO DE 2017

